



^{Cross} DUATLÓN DE REIS Concello de Vimianzo



onde a larra se converte na ten maior rival

Regulamento



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021
Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros
Regulamento de competición

XII DÚATLON CROS DE REIS - CONCELLO DE VIMIANZO

30 km. aproximadamente

25 de abril de 2021

CAMPIONATO "XUNTA DE GALICIA" DE DÚATLON CROS 2021



FEGATR III b
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON
E PÉNTATLON MODERNO

 XUNTA
DE GALICIA

 DEPORTE
GALEGO

- Organiza |** Concello de Vimianzo (deportes@vimianzo.gal) 981716001
Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno
(fegatri@hotmail.com) 982251345
- Patrocina |** Concello de Vimianzo



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

Colabora | Secretaría Xeral para o Deporte
Club Tríatlon Costa da Morte
Asociación Neira Marcos de Salto
Grupo Benedicto
Agrosoneira
Clínica Vimianzo Saúde
Vístete Tenda de Moda
Gestión de Residuos Vimianzo S.L.
Cruz Vermella
Protección Civil

Ubicación | Praza Neira Marcos, Castromil - Salto. 15129 Vimianzo
43° 08'13.5"N 9° 00'14.1"W (43.137089, -9.003929)
<https://goo.gl/maps/JbpAbGc4uG3Y4ect6>

Horario | 09:00 Apertura da secretaría de competición
09:00 Control de material (ata ás 10:20)
10:30 Saída da proba (2 deportistas cada 20'')
13:00 Remate da proba (hora aproximada)
13:15 Entrega de premios

Distancias |

Estándar (categorías de Junior en diante): 5,4 km de carreira a pé (1 volta) - 21 km en bicicleta BTT (2 voltas) - 3,6 km de carreira a pé (1 volta).

Control material |

Dende as 9:00h ata as 10:20h, na zona de transición.

OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA OU D.N.I.



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

Servizo de vestiarios e gardarroupa |

Segundo se establece no Protocolo Covid-19 SUPRÍMENSE os servizos de vestiarios, duchas, e gardarroupa.

Xunto coa bolsa de dorsais entregarase a cada deportista unha bolsa onde poderá depositar as súas pertenzas. Esta bolsa poderá deixala na transición, no espazo asignado a cada deportista.

Reunión técnica |

Será publicada online na web FEGATRI cos detalles técnicos a respectar e as horas de saída de cada dorsal o venres 23 de abril.

Normas de competición |

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

<https://triatlon.org/wp-content/uploads/2020/12/Circular.20.20-Competiciones.Reglamento-Competiciones-2021-y-anexo-contexto-COVID-19.pdf>

Así mesmo e debido á situación de pandemia na que nos atopamos, a proba rexerese tamén polo protocolo Covid-19 publicado pola Fegatri e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/01/20200814_PROTOCOLO-COVID-FEGATRI_definitiva_FEGATRI_SXD-act.-28122020.pdf

Categorías |

1. Individual

- 1.1. Absoluta masculina e feminina
- 1.2. Sub 23 masculina e feminina
- 1.3. Junior masculina e feminina
- 1.4. Veterano masculina e feminina

A categoría de idade está determinada pola idade do deportista a día 31 de decembro do ano no que se celebre a proba.

Inscricións | 120 prazas

- A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións. O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.
- O período de inscrición abrirase o mércores 31 de marzo ás 9:00 horas e permanecerá aberto ata o 19 de abril ás 23:59, ou ata o momento no que se cubran todas as prazas ofertadas



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

- Debido á normativa Covid-19 vixente só poderán participar na proba deportistas federados nas modalidades de Tríatlon ou ciclismo.
- A cota de inscrición será de **10€ por participante**.
- Prazo de inscrición: **pecharase** o día **19 de abril ás 23:59 h.** ou no momento en que se cubran as prazas ofertadas.
- **Lista de espera:** Completadas as prazas, abrírase unha lista de espera por orde de chegada.

Esta lista de agarda, xestionarase diariamente na FEGATRI comunicando por correo electrónico cos/cas deportistas da lista que entren na proba e indicándolles o prazo para formalizar a inscrición na plataforma. O último movemento da lista será comunicado o martes 20 de abril dando prazo ata as 14:00 h. dese día para a súa formalización.

A organización resérvase 12 prazas.

O Campión e a Campioa absolutos da edición 2020 están convidados a participar na proba de xeito gratuito.

Proceso de inscrición |

Federados FEGATRI: 10€

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas).

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Deportistas con licenza da Federación Galega de Ciclismo (convenio FGC/Fegatri): 10€

Custe seguro de 1 día de 2,20€ que subvencionara o organizador.

Imprescindible, para que a inscrición de calquera deportista sen licenza Fegatri sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor e documento de protección de datos que se pode descargar na seguinte ligazón

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2019/12/ficha-non-federados.docx>

Dita documentación debe enviarse á Federación Galega de Tríatlon fegatri@hotmail.com a través da plataforma de inscricións

Baixas e política de Devolucións |

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición.

Unha vez pechado non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición.

Estas serán anuladas e non se farán devolucións.



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

Publicación listas de inscritos |

Publicación lista provisional: o mércores anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Dereitos de imaxe, uso de datos e declaración de estar apto para a práctica deportiva |

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

Protocolo Covid-19 |

Segundo se recolle no protocolo COVID-19 de aplicación á proba, citado neste regulamento, é de obrigado cumprimento para todas as persoas da proba, o seguinte:

- Manter a distancia interpersonal de 1.5 m en todo momento, antes, durante e despois da práctica deportiva.
- Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- Evitar lugares concurridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

- En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

Infórmase aos deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco de consecuencias graves en caso de contaxio e recoméndase unha maior toma de medidas preventivas pola súa parte.

RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE:

- Na zona habilitada, o día da proba, dende as 9:30 h. ata media hora antes de cada saída. Poderanse establecer tramos horarios de recollida ordenados por dorsal que serán publicados na reunión técnica online, de cara a evitar aglomeracións. Así mesmo, manterase sempre un fluxo único de movemento de deportistas para recoller o dorsal, co fin de facilitar o cumprimento das distancias de seguridade.
- Unha vez recollida a bolsa de dorsais, os deportistas deberán deixar a bicicleta, xunto co seu material na zona de transición (mínimo 15 minutos antes do inicio da proba). A bicicleta deberá quedar co manillar orientado ao corredor e o casco deberá quedar colgado da bicicleta coas correas despechadas.

PROCEDEMENTO DE SAÍDAS:

- Saída escalada, con 2 corredores saíndo cada 20", cada un dende o seu caixón de saída, e cunha separación lateral de 2 metros entre corredores. Entre cada grupo de 25 deportistas, haberá unha separación de 5 minutos para comezar coas seguintes saídas.
- Dez minutos antes do comezo da saída, os deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización.
- Xusto antes de colocarse na liña de pre-saída, os corredores poderán quitar a máscara e desbotala no contedor habilitado nese punto a tal efecto.
- Se un/unha deportista presente non toma a saída no momento que lle corresponde, quedará a xuízo do DT permitirle ou non tomar despois a saída, como moi pronto na última quenda, e asignándolle en calquera caso o tempo de saída que inicialmente lle correspondía.

TRANSICIÓN:

- A circulación de deportistas dentro da transición, antes, durante e despois da competición será nun único sentido.
- Durante a competición os deportistas deberán entrar e saír da zona de transición coa bicicleta da man, sen ir montados na mesma. Un oficial indicará o lugar de montaxe e de desmontaxe.

CHEGADA A META:

- Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

deberán colocar inmediatamente, depositarán os seus chips nos recipientes habilitados e pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta. Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

AVITUALLAMENTOS:

- Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé.
- Avituallamento líquido e sólido na zona de post-meta.
- Procedemento de avituallamento segundo se recolle no protocolo COVID-19 da FEGATRI.

Aspectos xerais |

1. No caso de que se produza un **abandono** o deportista está obrigado a comunicalo no control de chegada e entregar o chip á organización.
2. As persoas e/ou entidades participantes poderán interpor reclamacións e/ou apelacións para garantir os seus dereitos de conformidade co previsto no artigo 9 do Regulamento de Competicións da FEGATRI da Tempada 2021. (<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/Procedemento-de-Reclamaci%C3%B3n-Apelaci%C3%B3n-probas-da-FEGATRI.pdf>)
3. Todos os participantes, polo feito de tomar a saída na proba, aceptan o presente Regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.
4. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
5. Tódolos aqueles deportistas que se atopen por detrás do vehículo que pecha a carreira están obrigados a circular polo carril dereito e a cumprir o código de circulación. Os participantes que non respecten este punto poderán ser retirados da carreira polos membros da organización.
6. A organización contará coa colaboración de organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
7. Existirá un posto de avituallamento líquido e sólido situado na zona de meta e transición.
8. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, percorridos, así coma aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
9. **No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a carreira será suspendida automaticamente. Do mesmo xeito, se a organización considera que non pode garantir a seguridade dos participantes, tamén procederá á suspensión da proba.**
10. **DESCUALIFICACIÓNS:**
 - 10.1. O servizo sanitario da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera deportista que manifeste un mal estado físico.
 - 10.2. Todo deportista que non realice o percorrido completo.



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

10.3. O deportista que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización.

10.4. O deportista que non cumpra o regulamento de competicións da FETRI (<https://triatlon.org/wp-content/uploads/2020/12/Circular.20.20-Competiciones.Reglamento-Competiciones-2021-y-anexo-contexto-COVID-19.pdf>)

Premios |

1. Premios individuais do Campionato Galego:

- Medalla aos 3 primeiros clasificados na categoría junior masculina.
- Medalla ás 3 primeiras clasificadas na categoría junior feminina.
- Medalla aos 3 primeiros clasificados na categoría Sub23.
- Medalla ás 3 primeiras clasificadas na categoría Sub3.
- Medalla aos 3 primeiros clasificados na categoría absoluta masculina.
- Medalla ás 3 primeiras clasificadas na categoría absoluta feminina.
- Medalla aos 3 primeiros clasificados na categoría veterano masculina.
- Medalla ás 3 primeiras clasificadas na categoría veterana feminina.

2. Premios de clubs do Campionato Galego:

- Trofeo aos 3 primeiros clubs clasificados na categoría absoluta masculina .
- Trofeo aos 3 primeiros clubs clasificados en categoría absoluta feminina.

3. Premios do Dúatlon de Reis:

- Cesta de produtos aos tres primeiros clasificados absolutos masculinos.
- Cesta de produtos ás tres primeiras clasificadas absolutas femininas.
- Cesta de produtos ao primeiro clasificado empadroado no concello que non quede entre os tres primeiros clasificados na categoría absoluta masculina.
- Cesta á primeira clasificada empadroada no concello que non queden entre as tres primeiras clasificadas na categoría absoluta feminina.

“Art. 8.6 Regulamento de competición FEGATRI.- Aquel/a deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono”. Por protocolo Covid-19 aqueles deportistas que non vaian estar presentes para a entrega deben avisar ao Delegado Técnico ou Xuíz Árbitro).

A Campioa e o Campión absolutos da proba serán convidados pola organización a participar na edición do seguinte ano.



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021


Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

Percorrido |

1. Primeiro segmento de carreira a pe: 5,4 quilómetros (1 volta ao circuito)

Os participantes iniciarán a proba cunha carreira a pe de 5,4 km. (percorrido verde). Esta carreira realizarase nun circuito na que se combinan tramos asfaltados con outros que non o son.





DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlón Cros

Regulamento de competición

2. Segundo segmento de carreira en bicicleta: 21 quilómetros (2 voltas ao circuito)

Despois de realizar a carreira a pe, os deportistas terán que facer unha carreira en bicicleta sobre unha distancia de 21 km. Para elo deberán completar dúas voltas a un circuito de 10,5 km. no que se combinan tramos asfaltados con outros que non o son (percorrido vermello).





DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021

Campionato Xunta de Galicia de Dúatlon Cros

Regulamento de competición

3. Terceiro segmento de carreira a pe: 3,6 quilómetros (1 volta ao circuito)

Para finalizar a proba os deportista deberán realizar unha carreira a pe de 3,6 km. (percorrido amarelo). Para completar a distancia haberá que dar unha volta enteira a un circuito no que se combinan tramos asfaltados con outros que non o son.



A Organización desta carreira aproveita a ocasión para agradecer a súa participación.

MÁIS INFORMACIÓN

www.facebook.com/duatlonreisvimianzo

<http://fegatri.org/probas-regulamento/>